

Texto: **JAKOB** e **WILHELM GRIMM**
Ilustracións: **PABLO AULADELL**
Tradución: **MARTA RINCÓN** e **LAURA ALMAZÁN**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "A casiña de chocolate"
ISBN 978-84-8464-663-1. Os Contos do Trasnó
- Castelán: "La casita de chocolate"
ISBN 978-84-96388-83-3. Libros para Soñar
- Portugués: "A casinha de chocolate"
ISBN 978-972-8781-82-8. Livros para Sonhar

Prezo: 13 €



A CASIÑA DE CHOCOLATE

Era unha vez un pobre leñador que vivía preto dunha gran fraga coa súa dona e os seus fillos: Hänsel e Gretel.

Eran tan pobres que, unha noite, a muller díxolle ao leñador:

-Xa non nos queda nada para comer. Mañá cedo, dálles aos nenos cadanseu anaco de pan e lévaos ao medio da fraga. Prende unha fogueira e déixaos alí.

-Pero, como vou facer iso? -protestou o leñador-.

A aventura de Hänsel e Gretel é unha das obras máis coñecidas dos irmáns Grimm, creadores doutros relatos mundialmente extendidos, como "Os sete cabritos", "O zapateiro e os trasnos", ou "O anano saltareiro", que tamén foron adaptados por KALANDRAKA. Forman parte da tradición oral alemana, da que estes autores foron destacados impulsores e estudosos.

Este relato -traducido a partir da versión orixinal- invita a pensar sobre as penurias que padece a xente sen recursos, pero tamén amosa a maldade de personaxes que, como a madrastra, non dubidan en primar o seu benestar fronte ao de seres indefensos. Fronte a ela, Hänsel e Gretel demostran que as adversidades véncense con astucia e sen perder nunca a esperanza.

No ano do seu 10º Aniversario, KALANDRAKA recupera e renova este título, un dos que inaugurou a colección 'Os contos do trasno'.

Pablo Auladell ofrece unha colección de imaxes que plasman a inxenuidade, o desamparo e a hostilidade que sofren os nenos, abandonados para que sobrevivan polos seus propios medios no bosque. As ilustracións presentan un mundo ameazante, onde nada é o que parece; mesmo os proxenitores adquiren unha dimensión monstruosa e os corvos da vida axegan cada paso que dan os nenos ata que se enfrontan coa bruxa. Dende o seu clasicismo elegante e panorámico, as ilustracións -realizadas con acrílicos e acuarelas- apuntan a un certo tipo de fábulas e mitos clásicos; á

vez, o seu expresionismo -participado de elementos surrealistas- úneas con estéticas máis contemporáneas.

JAKOB (1785-1863) & WILHELM (1786-1859) GRIMM (Hanau, Hesse, Alemaña)

Ademais dos seus contos, os irmáns Grimm tamén destacaron polos seus estudos sobre a linguaxe, polo que se lles considera fundadores da filoloxía alemana. Os dous traballaron no eido bibliotecario e exerceron como profesores universitarios en Kassel. Nesa cidade comezaron a recopilar contos da tradición oral, que publicaron en varios volumes.

PABLO AULADELL (Alicante, 1972)

Posúe unha ampla traxectoria artística, malia que a súa formación é fundamentalmente autodidacta. Colaborou con varias editoriais, como SinSentido, Anaya, Edicions de Ponent, Edelvives, La Joie de Lire e Orecchio Acerbo. Entre os galardóns que recibiu destacan o Premio ao Autor Revelación no Salón do Cómic de Barcelona (2006), o Premio Internacional de Álbum Infantil Ilustrado Cidade de Alicante (2003) e o Premio Nacional de Cómic do Instituto da Xuventude Injuve (2000). En 2005 tamén foi finalista do Premio Nacional de Ilustración. A súa obra expúxose en Madrid e Barcelona; foi seleccionado para representar a España na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia (Italia).

- **Temática:** adaptación dun conto dos irmáns Grimm
- **Idade:** dende 4 anos
- **Aspectos destacables:** estrutura repetitiva (oralidade); loita entre o ben e o mal; ilustracións artísticas de estilo surrealista; editado tamén en italiano: "La casetta di cioccolato" (colección Libri per Sognare)

